

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A VIXILANCIA DOS MOSQUITOS VECTORES DE ENFERMIDADE HUMANA E ANIMAL

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2021

REUNIDOS


Dunha parte don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, os Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Doutra parte don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Doutra parte don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF.: Q1518001A, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC).

E doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger reitor magnífico da Universidade de Vigo, con CIF.: Q8650002B en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (en diante UVIGO).

Ambas as catro partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente acordo e a tal efecto:



EXPOÑEN

Primeiro. Que no marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Medio Rural, é unha función esencial, dentro da misión da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) e da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias (DXGAIA), o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes de saúde, tanto humana como animal. Entre estas actuacións atópase a vixilancia dos mosquitos vectores de enfermidades humanas e animais, como poden ser a enfermidade do virus do Nilo Occidental, dengue, zika, malaria, leishmania, etc. A súa necesidade parte da posible importación de casos, humanos ou animais, dende países ou áreas onde as enfermidades son endémicas, ou por intercambio de animais entres países e, que de existir aquí os vectores, como é o caso dos mosquitos vectores da enfermidade do virus do Nilo Occidental, poderían dar lugar a casos autóctonos, tanto humanos como animais. Igualmente, para certas enfermidades as aves migratorias desenvolven un papel importante como reservatarios dos microorganismos, polo que poderían, se xa existe o vector, introducilos na Comunidade Autónoma Galega.

Ademais, con motivo do cambio climático, especies de mosquitos, que neste momento parece que non se atopan en Galicia, como é o caso dos *Aedes albopictus* e *Ae. aegypti*, poderían introducirse e posteriormente instalarse na nosa Comunidade e, con iso, favorecer a aparición de casos autóctonos de enfermidades das que, actualmente, só temos casos importados, como son os casos das enfermidades dengue, zika ou chikungunya, no caso dos humanos. Non obstante, nin a Consellería de Sanidade, nin a do Medio Rural dispoñen de persoal experto en entomoloxía para levar a cabo a tarefa de identificación das diferentes especies vectores de interese, mesmo coa rede de trampas para a vixilancia.

Segundo. Que, dende o punto de vista da saúde pública e da sanidade animal, é importante que exista unha rede para a vixilancia dos vectores de interese sanitario. Precísase que esta rede se manteña no tempo e continúe a súa ampliación ata abarcar á maior parte do territorio de Galicia posto que ante vectores non autóctonos, como é o caso do *Ae. albopictus*, para ter a seguridade de que de introducirse se detecta, ás Guías internacionais recomendan abarcar o territorio no que esta especie poda desenvolverse.

Terceiro. Que a USC e a UVIGO son entidades de dereito público que desenvolven actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír aos avances para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social.

Concretamente, no Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física da USC, o grupo de investigación GI-1274 (Biodiversidade, Bioxeografía e Conservación de Invertebrados) do que o Investigador José Carlos Otero González do citado Departamento conta cunha liña de investigación denominada "Patróns de Biodiversidade e Modelos de predición de pragas" co obxectivo de realizar estudos sobre fauna entomolóxica invasora.

E, no Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da UVIGO, o grupo de investigación BA2 (Bioloxía Ambiental), do que é investigadora principal Josefina Garrido González, profesora titular do citado Departamento, conta cunha liña de investigación específica sobre o "Estudo da Biodiversidade" co obxectivo de realizar, entre outros, estudos sobre fauna entomolóxica invasora.

Cuarto. Que os achados durante a vixilancia establecida mediante o convenio asinado o 22 de setembro de 2017, así como no convenio asinado o 25 de xuño de 2020, como a detección de especies *Aedes*, flebótomos e *Anopheles*, ademais de *Culex* e Culicoides, indican que a vixilancia non só segue a ser necesaria senón que é preciso seguir a aumentar os puntos de mostraxe coa finalidade de seguir a incorporar coñecemento sobre as especies xa presentes, ademais de continuar a tentar a detección precoz da entrada de mosquitos invasores como o mosquito tigre (*Ae.albopictus*) ou o *Aedes japonicus*, xa detectado en Asturias e, seguir a ampliar o coñecemento da distribución do *Anopheles plumbeus* e *Culex torrentium*, detectados por primeira vez en Galicia no marco desta vixilancia.

Quinto. Que tanto a USC como a UVIGO teñen interese en continuar este proxecto porque posibilita que os membros dos grupos de investigación implicados realicen estudos importantes para completar algúns eidos da súas liñas de investigación e permitirán establecer relacións epidemiolóxicas con resultados obtidos previamente polos referidos grupos de investigación.

Sexto. Que estas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a presenza ou ausencia, distribución e densidade dos vectores, o que é moi importante a nivel sanitario, tanto dende o punto de vista da saúde pública como a sanidade animal, sen esquecer que algunhas das enfermidades compártense entre humanos e animais.

Por conseguinte, sendo todas as partes que interveñen neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de colaboración para a vixilancia entomolóxica en Galicia, sometido ás seguintes:

CLAÚSULAS

Primeira. Obxecto do convenio


A finalidade do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural, a USC e a UVIGO para a prestación do apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas coa vixilancia e control de mosquitos vectores de enfermidades en Galicia.

Segunda. Dereitos de propiedade industrial e intelectual

A titularidade dos dereitos de propiedade industrial e intelectual dos resultados serán de uso compartido polas partes asinantes, no xeito que elas mesmas establezan de conformidade coa normativa aplicable na materia. As partes comprométese a colaborar, de acordo cos principios da boa fe e eficiencia, na determinación dos procedementos axeitados para obter o éxito da protección e explotación dos resultados.

Terceira. Obrigas da USC e da UVIGO

1. A USC e a UVIGO comprométese a aumentar o coñecemento sobre os mosquitos vectores de interese para a saúde humana e a sanidade animal en Galicia, para o cal levarán adiante as seguintes actividades:



- a) Elaboración dos protocolos para a posta de trampas, o seu mantemento, a recollida das mostras e o seu envío ás dúas Universidades, tanto polo persoal propio das Universidades como por parte do persoal da Consellería do Medio Rural, das entidades da administración local colaboradoras e aquelas outras entidades que poidan colaborar na colocación de trampas, segundo os puntos de mostraxe que teñan asignados, e atendendo ás boas prácticas nesta materia.
- b) Formación do persoal da Consellería do Medio Rural e das entidades da administración local e daquelas outras entidades que poidan colaborar e que se ocupan da posta de trampas nos puntos de mostraxe a eles asignados.
- c) Aumento de mostraxes de detectarse riscos nalgunha zona determinada, estea sometida a vixilancia ou non.
- d) Asesoramento ás entidades locais e Consellerías con competencia no caso de ser preciso establecer medidas de control de poboación de mosquitos.
- e) Durante o período de mostraxe (abril a outubro) e con frecuencia quincenal, posta das trampas e recollida das mostras de mosquitos en catorce puntos de mostraxe. Por parte da UVIGO serán os designados en: Tui (EDAR), porto, aeroporto e cidade de Vigo, Redondela, Arbo e Crecente; e por parte da USC, en: aeroporto e cidade de Santiago de Compostela, Brión e Vilaxoán, Guitiriz, Monforte de Lemos e Lugo. Estes puntos pódense aumentar en dous nos anos 2022 e 2023.
- f) Traslado e procesado das mostras recollidas por elas, seguindo a metodoloxía establecida polas boas prácticas na identificación de mosquitos.
- g) Procesado das mostras recollidas polo persoal da Consellería do Medio Rural, Concellos e Deputacións e outras entidades que poidan colaborar, seguindo a metodoloxía establecida polas boas prácticas na identificación de mosquitos.
- h) Identificación e reconto dos diferentes exemplares recollidos na mostra, tanto dos puntos de mostraxe dos que elas se van ocupar, como dos puntos dos que se ocuparán o resto de institucións e a Consellería do Medio Rural.
- i) A realizar mostraxes non sistematizadas mediante a técnica de dipping, polo menos nun número de trinta mostraxes por ano, atendendo ás características das zonas, para determinar mellores puntos de mostraxe e capacidade de detección de diferentes especies de dípteros, para detectar áreas de maior interese para a colocación de trampas permanentes e que permitan ampliar a rede en base a mellor evidencia posible, coa finalidade de optimizar capturas.
- j) Análise das especies do xénero Culex, máis relevantes na transmisión do virus do Nilo Occidental para detectar a presenza ou ausencia do virus.
- k) Actualización das bases de datos de especies de interese vectorial de enfermidades identificadas.

- l) Deseño dunha páxina web, conxuntamente co persoal das Consellerías de Sanidade e do Medio Rural e que permita mostrar as diferentes especies achadas segundo a localización das trampas.
- m) Remisión periódica da información á DXSP e a DXGAIA e elaboración dun informe final ao finalizar o período anual de mostraxe. De abril a outubro remitiranse os resultados dos achados relevantes na vixilancia entomolóxica durante o período principal de presenza de mosquitos e levarase a cabo o traballo de campo.
2. Finalmente elaborárase unha memoria de resultados ao rematar o período de mostraxe. A dirección destas actividades exercerase conxuntamente polos profesores Carlos González Otero da USC e Josefina Garrido González da UVIGO.

Cuarta. Obrigas das Consellerías

1. A Consellería de Sanidade comprométese a:

- a) Abonar a parte económica para o financiamento do proxecto, tal como se establece na cláusula 6 de financiamento.
- b) De cara a obtención do coñecemento sobre os vectores, comprométese a facilitar as xestións para poder realizar as mostraxes nos puntos de maior interese, segundo a dinámica de cada especie, para o que establecerá acordos con todas aquelas entidades da administración local e toda aquela institución que poida colaborar coas mostraxes.

No ano 2021, aos concellos que xa colaboraban dende 2019, engádense os de: Melide, Trazo, Outes, Vedra, Mañón, Valdoviño, Lugo, Vilalba, Triacastela, Ribas do Sil, Sober, Cospito, A Gudiña, Muíños, Parada de Sil, Cenlle, Ourense, A Rúa, Verín, Nigrán, A Guarda, Tomiño, O Porriño, Cambados, Valga, A Estrada, e Salvaterra.

No ano 2022, engadiranse os concellos de: Vedra, Coristanco, Noia, Dodro, Pontedeume, Oza-Cesuras, Culleredo, Cee, Lourenzá, Navia de Suarna, Palas de Rei, Carballedo, Portomarín, A Pontenova, O Incio, Ribadavia, O Carballiño, Celanova, Baños de Molgas, Pereiro de Aguiar, Castrelo do Val, Soutomaior, Meis, As Neves, Lalín, Vilaboa, Caldas de Reis, Gondomar e A Cañiza.

No ano 2023, engadiranse os concellos de: Val do Dubra, O Pino, Betanzos, Rois, Moeche, Padrón, Guntín, Bóveda, Meira, Friol, Chantada, Barreiros, Ramirás, A Peroxa, Leiro, Rubiá, San Xoan de Río, Oímbra, Cuntis, Vila de Cruces, Marín, Vilagarcía de Arousa, Mos e Agolada.

Os concellos poderán substituírse por outros, en función das colleitas ou de que as mostraxes non sistematizadas mediante técnica de dipping que realicen as Universidades indiquen colleitas pouco eficientes ou lugares máis axeitados para as mostraxes, respectivamente.

- c) A análise dos datos de resultados das capturas.

2. A consellería do Medio Rural comprométese á colocación de trampas, recollida das capturas e envío á USC e UVIGO, segundo corresponda, e cos seus recursos humanos, nos seguintes puntos establecidos para a mostraxe: Aeroporto da Coruña, Concello de Ortigueira, Concello de

Ribadeo, Concello de Cervo, Concello do Valadouro, Concello de Xinzo da Limia, Concello de Allariz, Pazo de Fontefiz (Coles), Pazo de Lourizán (Pontevedra), Concello de Sanxenxo, Concello de Pontevedra. Nos anos 2022 e 2023, poderán aumentarse estes puntos segundo a dispoñibilidade de recurso humanos nas diferentes zonas.

3. Ámbalas dúas consellerías, Sanidade e Medio Rural, comprométense a:

- a) A colaborar coas Universidades no deseño dunha páxina web que permita a publicación e consulta das identificacións segundo zonas de mostraxe e a publicación da información recibida e valoración desta en termos de saúde humana e animal.
- b) Mencionar á USC e á UVIGO cando se faga uso público dos datos obtidos. Nos quince días seguintes á sinatura do presente convenio, as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural nomearán un interlocutor de cada unha delas como responsables do seguimento das actividades indicadas neste e que serán os encargados da recepción dos resultados.

Quinta. Comisión de seguimento

Para a aplicación, seguimento e interpretación do presente convenio constituirase unha comisión mixta integrada por dous representantes da Consellería de Sanidade, dous da Consellería do Medio Rural e un da USC e un da UVIGO. O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Serán funcións desta comisión garantir o cumprimento dos obxectivos e obrigas do convenio e promover a produción científica derivada dos resultados do convenio.

Sexta. Financiamento.

1. A Consellería de Sanidade comprométese ao financiamento da súa parte do proxecto dende á aplicación 1202.413A.640.7, na que existe crédito adecuado suficiente, cun total de 435.600,00 € (catrocentos trinta e cinco mil seiscientos euros), de acordo coas seguintes asignacións a cada unha das Universidades:

Ano	USC			UVIGO			TOTAL		
	Importe	IVA 21%	TOTAL	Importe	IVA 21%	TOTAL	Importe	IVA 21%	TOTAL
2021	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €	80.000,00 €	16.800,00 €	96.800,00 €
2022	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	120.000,00 €	25.200,00 €	145.200,00 €
2023	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	120.000,00 €	25.200,00 €	145.200,00 €
2424	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €
	180.000,00 €	37.800,00 €	217.800,00 €	180.000,00 €	37.800,00 €	217.800,00 €	360.000,00 €	75.600,00 €	435.600,00 €

Durante a vixencia do convenio realizaranse dez pagamentos para os que cada unha das Universidades presentará a factura correspondente, tal e como se recolle no seguinte cadro:

Pagamento	USC			UVIGO				
2021	Á sinatura	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €	A sinatura	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
	2º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €	2º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	3ºcuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €	3ºcuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	Subtotal 2021	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €	Subtotal 2021	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €
2022	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2022	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	Subtotal 2022	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2023	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2023	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €	Subtotal 2023	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2424	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2024	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €	Subtotal 2024	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	TOTAL	180.000,00 €	37.800,00 €	217.800,00 €	TOTAL	180.000,00 €	37.800,00 €	217.800,00 €

Ano 2021

USC

2021	Á sinatura	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
	2º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	3ºcuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	Subtotal 2021	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €

UVIGO

2021	Á sinatura	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
	2º cuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	3ºcuadrimestre	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
	Subtotal 2021	40.000,00 €	8.400,00 €	48.400,00 €

1º. Pagarase o 25% (10.000,00 € + IVE) do total anual, logo da sinatura do convenio e coa presentación dunha memoria de actividades para o primeiro ano de vixencia do convenio.

2º.- No segundo e terceiro cuadrimestre de 2021 presentarase un informe provisional dos achados que acompañará a factura para realizar o pagamento. Cada un destes pagamento será de 15.000,00 € máis IVE.

Este pagamento farase a cada unha das Universidades

Anos 2022-2023

USC

2022	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2022	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2023	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2023	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

UVIGO

2022	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2022	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2023	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	2º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	3ºcuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
	Subtotal 2023	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

- 1º.- No primeiro cuadrimestre presentarase unha memoria de actividades para o ano correspondente e o informe final do ano previo.
- 2º.- No segundo cuadrimestre de cada ano presentarase un informe provisional dos achados que acompañarán ao pagamento que corresponde a cada un deles.
- 3º.- No último cuadrimestre presentarase un informe provisional dos achados que acompañarán ao pagamento que corresponde a cada un deles.

Ano 2024

2424	1º cuadrimestre	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
		20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €

No primeiro cuadrimestre de 2024 achegarase a identificación completa das capturas que corresponda e un informe final definitivo cos resultados obtidos no 2023 que acompañarán ao pagamento que corresponde a cada unha das universidades asinantes do convenio.


2. A Consellería do Medio Rural comprométese a achegar os recursos necesarios para proceder á mostraxe nos puntos que se indican para ela e o envío das mostras a USC ou UVIGO segundo corresponda pola zona de mostraxe.
3. A formalización do convenio non implica consignación orzamentaria específica nin para a consellería de Medio Rural, nin para a USC e UVIGO.

Sétima. Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non establece relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural e os profesionais da USC e da UVIGO que realicen as actividades obxecto deste.

Oitava. Natureza xurídica. Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e, segundo o previsto no artigo 6.1, é un negocio xurídico excluído do ámbito de aplicación de Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector



Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Novena. Extinción e resolución do convenio

1. Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva.
- d) A denuncia de calquera das partes asinantes cun aviso previo expreso de dous meses.


2. En razón do interese público, as Consellerías de Sanidade e do Medio Rural poderán suspender a execución do convenio previa presentación dun informe ao respecto que será discutido na comisión mixta.

3. No caso de resolución anticipada por acordo unánime e, en canto á liquidación das obrigas pendentes, cada entidade asumirá a parte proporcional que lle corresponda. En dito caso, as Universidades entregaránlle ás Consellerías un informe cos resultados obtidos ata o momento da interrupción. Dito informe, incluírá a liquidación económica dos traballos realizados ata esa data, que serán aboados pola Consellería correspondente dentro dos límites orzamentados.

Décima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 30 de abril de 2024.

Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito cunha anterioridade de polo menos 2 meses á data de vencemento do convenio.



Décimo primeira. Protección de datos de carácter persoal

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Décimo segunda. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do convenio outorgan o seu consentimento expreso para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que fguren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba da conformidade, formalízase e asínase polas partes o presente acordo en cuadruplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data antes citados.

Pola Consellería de Sanidade	Pola Consellería do Medio Rural	Pola Universidade de Santiago de Compostela	Pola Universidade de Vigo
			
			
Julio García Comesaña	José González Vázquez	Antonio López Díaz	Manuel Joaquín Reigosa Roger